

### O Xemelgo dixital: conceptualización, presente e futuro



Esta xornada organizada polo CIS Tecnoloxía e Deseño da Axencia Galega de Innovación (GAIN), dentro do ciclo “Encuentros de Tecnologías Innovadoras” ten por obxectivo que empresas deseñadoras e fabricantes de produtos ou de instalacións industriais teñan a oportunidade de analizar o seu futuro inmediato, no que ademais dunha réplica en 3D dos seus equipos e instalacións esixíraselles, tanto por parte de grandes fabricantes como do seu cliente final, toda a información sobre sensores, actuadores e as súas interconexións.

O concepto de Xemelgo Dixital (GD) non é uniforme na industria, polo que se abordarán os distintos criterios que se manexan ao seu ao redor. Ademais poderanse analizar utilidades de GD aplicadas en diversos sectores: naval, automoción, aeronáutico, conserveiro, portuario ou bens de equipo, entre outros. Tratarase do Xemelgo Dixital de produto e de proceso, pero tamén de xestión.

Desta forma, esta xornada non só pretende mostrar o estado actual dos desenvolvementos do Xemelgo Dixital en varios sectores industriais relevantes en Galicia, senón que ademais, entrará a valorar algúns dos criterios que marcarán o seu futuro.

Para iso, mostraranse desenvolvementos realizados para o sector conserveiro (PTC), o de bens de equipo (SENER), o de automoción (CTAG), o aeronáutico (BOEING) ou o naval (NAVANTIA), así como para a mellora da xestión empresarial (NORLEAN).

#### Máis información e contacto

Data: **13 de xullo**

Horario: **de 9:30 a 12:00**

Modalidad: **en liña**

Prazo de inscrición: **ata o 09 de xullo**

Teléfono: **981 337 173**

e-mail: **infocistd.gain@xunta.gal**

#### PROGRAMA

- **9:30 a 9:40 h. Apertura**  
María José Mariño Fontenla. Directora da Área de Centros de GAIN.
- **9:40 a 10:00 h. Xemelgo dixital na industria da alimentación e conserveira.**  
Josep Ortega. Iberia Regional Director de Parametric Technology Corporation - PTC.
- **10:00 a 10:20 h. Digital Twin: innovación, desenvolvemento e solucións.**  
Luis Sánchez Fernández. Key Account Manager de SENER MARINE.  
Jose Sánchez-Arevalo Agundo. Sales Manager / Project Manager de SENER MARINE.
- **10:20 a 10:40 h. Xemelgo dixital para a planificación de produción. Casos de éxito.**  
Iñigo González Portillo. Director xeral e de desenvolvemento de negocio de NORLEAN.
- **10:40 a 11:00 h. O xemelgo dixital no sector da automoción. Retos.**  
David Gómez Loureda. Técnico da área de procesos avanzados do Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG).
- **11:00 a 11:20 h. Simulación por Eventos Discretos aplicada a Sistemas de Produción.**  
Javier Garcia. Manager. Responsable da área de investigación en tecnoloxías de materiais e fabricación de Boeing Aerospace Spain.
- **11:20 a 11:40 h. Xemelgo dixital, panca na transformación dixital.**  
Juan Ignacio Silvera. Director de Programa de Produtos Intelixentes. Dirección de Tecnoloxía e Transformación Dixital de NAVANTIA.
- **11:40 a 12:00 h. Mesa Redonda.**